



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NA CONSECUCCIÓN DE BENEFICIOS E VANTAXES DESTINADOS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS GALEGAS, NO ANO 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DE INSTRUMENTO CONVENCIONAL E XUSTIFICACIÓN DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

María Amparo González Méndez, directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto coa Asociación Galega de Familias Numerosas, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento pola Consellería de Política Social das labores de difusión dos beneficios e vantaxes entre as familias numerosas galegas do programa carné familiar galego e o desenvolvemento de accións de captación de empresas e entidades en xeral que ofrezan vantaxes as familias numerosas, tanto entre ás que xa forman parte do programa como as que se vaian incorporando.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración que impulse o programa carné familiar galego. O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrència pois AGAFAN é a única asociación de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer as familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

A Asociación Galega de Familias Numerosas conta entre os seus obxectivos a cooperación na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións. A experiencia continuada durante anos conseguindo beneficios e descontos de iniciativas privadas para os seus asociados debido a súa condición de familias numerosas e o seu elevado coñecemento da problemática destas supoñen que non se atope ningunha outra asociación que poida cumprir os obxectivos do convenio de xeito tan axeitado e eficiente.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Asociación Galega de Familias Numerosas é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-3218 que ten entre as súas funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

